



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS REGULADORAS DOS IMPOSTOS DE IBI, IAE E ICIO DO CONCELLO DA BAÑA

EXPTE TEDEC: 2024/X999/000058

O Pleno do Concello da Baña acordou, en sesión ordinaria realizada en data 27 de Novembro de 2024 proceder a modificación das Ordenanzas Reguladoras dos impostos de IBI, IAE e ICIO a fin de adaptalas ao requirido no Convenio DOING BUSSINES e segundo o acordo plenario de data 7 de agosto.

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre Imposto de Bens Inmóbles (IBI), Imposto de Actividades Económicas (IAE) e Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) cuxos textos íntegros se fan público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

1.1 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES , coa inclusión da modificación do artigo 9 queda integramente redactada do xeito seguinte:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1º.- Feito imponible.

O feito imponible do IBI está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbles:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbles ou sobre os servizos públicos a que estean afectos.
- Dun dereito real de superficie.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Dun dereito real de usufruto.
- Do dereito de propiedade.

A realización do feito impoñible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a non suxeición do inmovible urbano ou rústico ás restantes modalidades no mesmo previstas. Nos inmovibles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito impoñible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible on afectada por unha concesión.

Teñen a consideración de bens inmovibles de características especiais, os definidos como tales nas normas que regula o Catastro Inmobiliario (TRLCI), comprendidas nos seguintes grupos:

- Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo e as centrais nucleares.
- As presas, saltos de auga e embalses, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ó rego.
- As autoestradas, estradas e túneles de peaxe
- Os aeroportos e portos comerciais.

Teranse en conta as especificacións contidas no artigo 23 do Real decreto 417/2006, do 7 de abril.

1 Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, constituía o feito impoñible deste imposto.

No caso de bens inmovibles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia en un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmovible directamente vinculadas a cada concesión.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Para esta mesma clase de inmobles, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón á superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o ente ou organismo público ao que se refire o parágrafo segundo do núm. 1 do artigo 63 do TRLRFL, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

As administracións públicas e os entes ou organismos considerados como suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contra prestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

2 Artigo 3º.- Responsables.

Responden solidariamente das obrigacións tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

Os co-participantes ou co-titulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire a Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lle adxudicara.

A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

3 Artigo 4º.- Exencións e afeccións reais.

a) Exencións directas de aplicación de oficio: as comprendidas no artigo 62.1 do TRLRFL.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

b) Exencións directas de carácter rogado: as comprendidas no artigo 62.2 do TRLRFL.

c) Exencións potestativas:

c.1.-Os bens inmobles de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior a 1€.

c.2.-Os bens de natureza rústica, no caso de que para cada suxeito pasivo a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos, posuídos no termo municipal sexa inferior a 5€.

c.3.-Os bens dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. A concesión de exencións terá efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo.

A afección real na transmisión e responsabilidade solidaria e subsidiaria rexeráse polo disposto no artigo 64 do TRLRFL.

4 Artigo 5º.- Base imponible.

A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

A base imponible dos bens inmobles de características especiais non terá redución de forma xeral, salvo o disposto no artigo 67.2 do TRLRFL.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a Lei prevea.

5 Artigo 6º.- Reducións.

A redución da base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles urbanos e rústicos que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

Inmobles cuxo valor catastral se incrementa como consecuencia de procesos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación do novo relatorio total de valores aprobado con posterioridade ó 1-1-1997, ou aplicación de sucesivos relatorios de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 67 e seguintes do TRLRFL.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Cando se aprobe un relatorio de valores que dera lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia de aplicación prevista anteriormente e de cuxo valor catastral se altere antes de finalizar o prazo de redución por:

- Procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.
- Procedemento de valoración colectiva de carácter parcial.
- Procedemento simplificado de valoración colectiva.
- Procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e corrección de discrepancia e inspección catastral.

A redución será aplicable de oficio coas normas contidas nos artigos 67 a 70 do TRLRFL.

Estas reducións en ningún caso serán aplicables aos bens inmoables de características especiais, salvo as establecidas anteriormente e contidas en dito texto legal.

6 Artigo 7º.- Base liquidable.

A base liquidable será o resultado de practicar, no seu caso, na imponible as reducións que legalmente se establezan.

A base liquidable, nos bens inmoables de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que contemple a lexislación.

A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base do inmoable así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do valor catastral.

O valor base será a base liquidable conforme ás normas do TRLCI.

A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida no TRLCI.

7 Artigo 8º.- Tipo de gravame.

O tipo de gravame será:

- Para os bens inmoables de natureza rústica: 0,50%.
- Para os bens inmoables de natureza urbana: 0,40%.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais: 1%.

8 Artigo 9º.- Bonificacións.

1. Establécese unha bonificación do 90 por cento sobre a cota tributaria íntegra aplicable aos bens inmobles de carácter residencial destinados a vivenda habitual, na que estean empadroados todos os membros da familia numerosa durante todo o ano de aplicación da bonificación pretendida, debendo o seu titular ser a persoa que figure como suxeito pasivo, e sempre que se cumpran ademais os seguintes requisitos:

a) Que a suma dos valores catastrais de tódolos bens inmobles sitos no termo municipal da Baña, dos que sexan suxeitos pasivos o titular da familia numerosa ou algún dos membros da mesma, non exceda de 100.000 €.

b) Que os ingresos da unidade familiar, tendo en conta o número de membros da mesma, non exceda dos límites que figuran na columna dereita do seguinte cadro:

N.º de membros Ud. familiar	Importe máximo de renda dispoñible (€)
3	20.000,00
4	30.000,00
5	35.000,00
6	39.000,00
7	42.000,00
8	44.000,00
9 ou máis	45.000,00

Para os efectos da aplicación do cadro anterior, considérase ingresos dispoñibles a suma das bases impositivas dos membros da unidade familiar que obteñan ingresos suxeitos ó imposto sobre a renda das persoas físicas. Considérase unidade familiar todos as persoas que estean empadroadas nun mesmo inmoble.

Os suxeitos pasivos que, cumprindo cos requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan gozar da bonificación, deberán presentar a correspondente solicitude



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

dirixida ao Presidente da Deputación da Coruña, antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que forneza efectos.

Xuntamente co escrito deberase achegar a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
- b) Un certificado de empadramento no que consten todos os residentes do inmovible obxecto desta bonificación.
- c) Copia compulsada das derradeiras declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas presentadas por todos os membros da unidade familiar que obteñan rendas suxeitas ó referido imposto.

Á vista da documentación presentada, a Deputación ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só fornecerá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, aportando de novo a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu goce. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido anteriormente, dará lugar á súa inadmisión e a conseguinte denegación da bonificación instada.

2. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmovibles nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e entrará en vigor a partires do período impositivo seguinte ó da resolución de dita solicitude.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de Facenda no que conste a situación do censo do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.

O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto de esta bonificación.

3. De acordo co establecido no artigo 74.2 quáter do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmovibles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen a dita declaración.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmovibles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do xeito seguinte:

- De ata un 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Cando menos o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- Cando menos o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Para o cálculo dos postos de traballo estes deben supoñer a ocupación permanente de postos de traballo de nova creación a tempo completo. No caso de seren a tempo parcial o seu cálculo levarase a cabo mediante a equivalencia destes con postos de traballo a tempo completo.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados das correspondentes altas da Seguridade Social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea.
- No réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, cando se trate de autoemprego.

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poida xustificarse no momento de alta ou no momento de ampliación da actividade no Imposto sobre Actividades económicas xustificarse no prazo máximo de seis meses dende o devandito feito.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos desde o inicio ou ampliación da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do Concello dentro dos 15 días hábiles seguintes ao remate de cada ano natural. O incumprimento dos requisitos indicados dará lugar ao inicio do correspondente expediente de reintegro

A dita bonificación será de aplicación nos supostos de implantación dunha nova actividade económica no período impositivo seguinte ao da implantación da nova actividade e no caso da ampliación das instalacións no período impositivo seguinte á presentación da preceptiva declaración catastral, e en ambos dous casos terá unha duración máxima de tres exercicios.

A dita bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderase efectuar en calquera momento anterior á terminación dos 3 períodos impositivos de duración da mesma, e terá efectos no seu caso, dende o período impositivo no que se solicite.

A bonificación regulada neste apartado non será compatible con calquera outra bonificación no imposto.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a dita declaración e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos que se establecen, poidan gozar de algunha das bonificacións sinaladas, deberán presentar a correspondente solicitude, dirixida ao Excmo. Sr. Presidente da Deputación de A Coruña, antes do 31 de marzo do ano correspondente ao período impositivo no que pretendan que teña efecto,



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

achegando a documentación sinalada nos parágrafos correspondentes, salvo no caso do apartado 4 (bonificación por creación de emprego) que se dirixirá á Alcaldía-presidencia para a súa elevación ao Pleno Corporativo.

9 Artigo 10.º.-Período impositivo e acreditación do imposto.

O período impositivo é o ano natural.

O imposto devéngase o primeiro día do ano.

As variacións de orde físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

10 Artigo 11.º.-Réxime de declaración e ingreso.

Aos efectos previstos no artigo 76 do TRLRFL, os suxeitos pasivos están obrigados a formalizar as declaracións de alta no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión de ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orde físico, económico ou xurídico nos bens inmobles que teñan transcendencia a efectos deste imposto.

Contra os actos de xestión tributaria os interesados poderán formular recurso de reposición, previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da finalización do período de exposición pública dos padróns correspondentes. A interposición do recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpoñer o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía total da débeda tributaria.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais exerceran pola Administración delegada.

11 Disposicións

Disposición derogatoria

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogados os anteriores acordos adoptados por esta concello que afecten á regulación do IBI.

Disposición adicional



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

As modificacións producidas pola Lei de presupostos xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta ordenanza.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación.”

1.2 .-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS NO XEITO SEGUINTE:

A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO ACTIVIDADES ECONÓMICAS , coa inclusión da modificación do artigo 1 e 4, queda integramente redactada do xeito seguinte:

Artigo 1º.

O imposto sobre actividades económicas rexerese neste municipio:

- a) De conformidades co previsto polas normas reguladoras do mesmo, contidas no real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais; e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenrolen dita Lei.
- b) Pola presente ordenanza municipal

Artigo 2º.

1. Para os efectos previstos para a aplicación da escala de coeficientes de situación, as vías públicas clasifícanse en 3 categorías fiscais.
2. Anexo a esta Ordenanza figura un índice alfabético das vías públicas deste Municipio con expresión da categoría fiscal que corresponda a cada unha delas.
3. As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice alfabético serán consideradas de última categoría, permanecendo cualificadas así ata o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel no que se aprobe polo Pleno desta Corporación a categoría fiscal correspondente e a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

Artigo 3º.

Sobre ás cotas modificadas e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radique a actividade económica, establécese a seguinte escala de coeficientes:

CATEGORÍA

COEFICIENTE



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

A	1,5
B	1,3
C	1

Artigo 4º.

Sobre a cota do imposto se aplicarán as seguintes bonificacións:

A) Inicio do exercicio da actividade (ata o 50%)

B) De conformidade co establecido no artigo 88.2, letra e), do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota correspondente para aqueles suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen a dita declaración.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do xeito seguinte:

- De ata un 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Cando menos o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Cando menos o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Para o cálculo dos postos de traballo estes deben supoñer a ocupación permanente de postos de traballo de nova creación a tempo completo. No caso de seren a tempo parcial o seu cálculo levarase a cabo mediante a equivalencia destes con postos de traballo a tempo completo.

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados das correspondentes altas da Seguridade Social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea.
- No réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, cando se trate de autoemprego.

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poida xustificarse no momento de alta ou no momento de ampliación da actividade no Imposto sobre Actividades económicas xustificarase no prazo máximo de seis meses dende o devandito feito.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos desde o inicio ou ampliación da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do Concello dentro dos 15 días hábiles seguintes ao remate de cada ano natural no que se gozou da bonificación. O incumprimento dos requisitos indicados dará lugar ao inicio do correspondente expediente de reintegro

Considerarase implantación dunha nova actividade aquelas actividades que inicien o exercicio da súa actividade no municipio.

A bonificación empezará a contarse a partires do período impositivo no que se produza a alta da actividade no IAE. No suposto de ampliación das instalacións no período impositivo seguinte. A dita bonificación aplicarase por un período de 3 anos.

A dita bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderase efectuar en calquera momento anterior á terminación dos 3 períodos impositivos de duración da mesma, e terá efectos no seu caso, dende o período impositivo no que se solicite.

A bonificación regulada neste apartado non será compatible con calquera outra bonificación no imposto.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a dita declaración e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

C) Utilización de enerxías renovables ou sistemas de coxeración para autoconsumo.....(ata o 50%)

D) Rendementos netos negativos (ata o 50%)

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, así como o anexo índice alfabético de vías públicas, entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia”, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente derrogará á anterior aprobada polo Pleno en sesión realizada o 30 de novembro de 1991.

ANEXO

Índice provisional alfabético de vías públicas.

RÚAS	CATEGORÍA
- Núcleo de Seilán	A
- Estrada LC-444 desde a zona industrial “Airoa”,	



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

inclusive dirección S. Vicente, ata enlazar co núcleo

urbano de S. Vicente

A

- Núcleo urbano de S. Vicente

A

- Zona adxacente dereita e esquerda a 1,5 KM á
estrada C-443, desde o límite con Negreira ata o

Outeiro inclusive, da parroquia de Corneira

A

- Estrada da Deputación (Santiago – Santa Comba)

zona adxacente dereita e esquerda en 1,5 KM

A

- Aqueles núcleos que o PXOM cualifique como
núcleos rurais

B

- Resto do término municipal

C'''

1.3 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS NO XEITO SEGUINTE:

A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS
INMOBLES, CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS , coa inclusión da
modificación do artigo 8 queda integramente redactada do xeito seguinte:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

II ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

1 ARTIGO 1. Fundamento Legal

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da
Constitución Española, e de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985,
de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto
no artigo 15.1 en concordancia co artigo 59.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5
de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas
Locais, establece o Imposto sobre Construcción, Instalacións e Obras, que se rexerá



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

pola presente Ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 100 a 103 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

2 ARTIGO 2. Natureza Xurídica e Feito Impoñible

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito impoñible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtivese ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

3 ARTIGO 3. Construcións, Instalacións e Obras Suxeitas

Son construcións, instalacións e obras suxeitas ao Imposto os actos de edificación e uso do solo sometidos a control municipal, consonte establece o artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e demais normativa de desenvolvemento.

4 ARTIGO 4. Exencións

Estará exenta a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, a Comunidade Autónoma ou a Entidade Local que, estando suxeita, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si trátase de obras de investimento novo como de conservación.

5 ARTIGO 5. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice a construción, instalación ou obra.

Conforme ao establecido no artigo 101 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realicen as construcións, instalacións ou obras.

6 ARTIGO 6. Base Impoñible

A base impoñible deste Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Quedan excluídos da base impoñible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais Impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos, prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas coa construción, honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista, e calquera outro concepto que non integre estritamente, o custo de execución material.

7 ARTIGO 7. Cota Tributaria

A cota do Imposto será o resultado de aplicar á base impoñible o tipo de gravame que se fixa no 2%.

8 ARTIGO 8. Bonificacións

1. Nos termos regulados polo artigo 103 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións:

a) De conformidade co establecido no artigo 103.2, letra a), do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota correspondente para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen a dita declaración.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións e obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do xeito seguinte:

- De ata un 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Cando menos o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Cando menos o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Para o cálculo dos postos de traballo estes deben supoñer a ocupación permanente de postos de traballo de nova creación a tempo completo. No caso de seren a tempo parcial o seu cálculo levarase a cabo mediante a equivalencia destes con postos de traballo a tempo completo.

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados das correspondentes altas da Seguridade Social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea.
- No réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, cando se trate de autoemprego.

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poida xustificarse no momento de alta ou no momento de ampliación da actividade no Imposto sobre Actividades económicas xustificarse no prazo máximo de seis meses dende o devandito feito.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos desde o inicio ou ampliación da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do Concello dentro dos 15 días hábiles seguintes ao remate de cada trimestre. O incumprimento dos requisitos indicados dará lugar ao inicio do correspondente expediente de reintegro.

Non se considerará que se produce o inicio do exercicio dunha actividade cando esta se desenvolva anteriormente baixo outra titularidade. No caso de traslado de actividades dentro do termo municipal unicamente aplicarase para a creación de novos postos de traballo, non os xa existentes.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

No prazo dun mes desde o remate da obra, conforme o prazo concedido, deberá achegar copia do certificado de final de obra ou comunicar esta circunstancia para a súa verificación polo servizo de urbanismo.

Nos seis meses seguintes do cumprimento do anterior requisito, deberá presentar copia da declaración previa de inicio de actividade, de ser o caso, ou comunicar a dita circunstancia para a súa verificación polo servizo de urbanismo.

Unha vez concluída a obra e obtida a primeira ocupación, para os efectos de practicaren a correspondente liquidación definitiva, o suxeito pasivo deberá presentar xustificante de creación de emprego no prazo máximo de seis meses desde o efectivo remate da obra, achegando copias do xustificante de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, copias dos contratos subscritos para cubrir os postos de traballo de nova creación visados polo Servizo Público de Emprego e copias dos correspondentes TA2 presentados ante a Seguridade Social. De transcorrer ese prazo sen que se achegue a documentación requirida liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de mora correspondentes.

En caos excepcionais e debidamente xustificadas, previa solicitude do interesado, poderase conceder unha prórroga para a presentación da xustificación por un prazo non superior a seis meses, mediante Decreto da Alcaldía.

O Concello poderá esixir ao suxeito pasivo que achegue no prazo dun mes, a contar desde o seguinte á recepción do requirimento polo interesado calquera outra documentación que estime oportuna para os ditos efectos.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a dita declaración e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

b) Unha bonificación do 50 % a favor de construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial.

c) Unha bonificación do 50 % (até o 90%) a favor de construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, conforme á normativa e códigos técnicos de aplicación.

d) Unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interesa ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Corresponderá ao Pleno da Corporación a dita declaración e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2. Para gozar das bonificacións establecidas nesta ordenanza fiscal, será necesario que se soliciten polo suxeito pasivo, o que deberá efectuarse desde o inicio da construción, instalación ou obra. A concesión de calquera beneficio fiscal non prexulga a legalidade das construcións, instalacións ou obras, e enténdese sen prexuízo das actuacións, sancións ou multas que puidesen proceder no ámbito urbanístico.

3. Non son compatibles, e non poderán gozarse simultaneamente, as bonificacións reguladas nesta ordenanza.

9 ARTIGO 9. Deducións

Non se establecen deducións da cota líquida.

10 ARTIGO 10. Devengo

O Imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivese a correspondente licenza ou non se presentase a declaración responsable ou comunicación previa.

11 ARTIGO 11. Xestión

O Imposto esixírase en réxime de autoliquidación, distinguíndose dous momentos:

a) Cando se conceda a licenza preceptiva, practícarase unha autoliquidación provisional segundo o modelo facilitado para ese efecto polo Concello, no prazo de un mes desde a concesión de licenza, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que este fose visado polo Colexio Oficial correspondente.

Finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, no prazo de un mes o suxeito pasivo deberá practicar autoliquidación definitiva.

b) Cando se presente a declaración responsable ou a comunicación previa, practícarase unha autoliquidación provisional segundo o modelo facilitado para ese efecto polo Concello, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que este fose visado polo Colexio Oficial correspondente.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, no prazo de un mes o suxeito pasivo deberá practicar autoliquidación definitiva.

c) Cando se inicie a construción, instalación ou obra, non habéndose solicitado, concedido ou denegado aínda licenzia ou sen haberse presentado declaración responsable ou comunicación previa, poderase practicar unha autoliquidación provisional no prazo de un mes, a contar desde o momento do devengo, determinándose a base impositiva en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que este fose visado polo Colexio Oficial correspondente. Este pago non presupón unha concesión de licenzia.

Finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, no prazo de un mes o suxeito pasivo deberá practicar autoliquidación definitiva.

12 ARTIGO 12. Comprobación e Investigación

O órgano competente da Administración poderá, por calquera dos medios previstos nos artigos 57 e 131 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, levar a cabo os procedementos de verificación de datos, comprobación de valores e comprobación limitada.

13 ARTIGO 13. Réxime de Infraccións e Sancións

Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 11 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

14 DISPOSICIÓNS

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

As modificacións que se introduzan na regulación do Imposto, polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou por calquera outras Leis ou disposicións, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente Ordenanza fiscal.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

A regulación contida na presente Ordenanza non será de aplicación aos procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor da mesma en canto resulte máis gravosa para os suxeitos pasivos.

As construción, instalación e obras que non se teñan iniciado na data en que entre en vigor poderán gozar das bonificacións establecidas na presente Ordenanza, nas condicións en conforme ao procedemento regulado na mesma.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza Fiscal, una vez aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.